

EMENDAS PRESENTADAS POLOS GRUPOS DE DEBATE AO CADRO DE MANDO DO PLANO ESTRATÉXICO NA ÁREA DE DOCENCIA

- Emendas ao obxectivo “Potenciación da cultura da calidade e a innovación”:
 - Manifestábase a importancia de garantir que a participación nas enquisas reflíctese en accións de mellora da calidade da docencia, de modo que se pecha o ciclo de mellora. Suxírese que a elaboración e distribución dun documento que recolla os dereitos e deberes dos alumnos pode ser un valioso instrumento para canalizar a participación dos estudantes, e en particular as súas demandas.
 - A partir da experiencia dalgúns centros concretos, cuestiónase se será posible acadar o 60% de participación nas enquisas dos profesores.
 - Recoméndase revisar se será posible acadar a certificación do 100% dos Servizos en 2007, xa que algúns aínda están rematando a súa avaliación. En caso contrario, podería rebaixarse a porcentaxe ou podería falarse de avaliación en lugar de certificación.

- Emendas ao obxectivo “Facilitar a transición no proceso de integración no EEES”:

Considérase da máxima importancia abordar, aínda que coa prudencia que a importancia do asunto e o seu custo potencial aconsellan, o redeseño das principais estruturas ao servizo da docencia. Suxírese como referente temporal o curso 2007/08 para as seguintes actuacións:

 - Adaptación de espazos ao EEES.
 - Redeseño do tamaño dos grupos.
 - Redefinición da medida da dedicación do profesorado.

- Emendas ao obxectivo “Desenvolvemento dun mapa de titulacións competitivo”:
 - Suxírese que o indicador “Grado de satisfacción dos egresados” se concrete máis, circunscibíndose aos “recen egresados” .

- Emendas ao obxectivo “Fomento do uso das TIC no proceso ensino – aprendizaxe”:
 - A incorporación dun obxectivo específico relativo ás bibliotecas dentro da área de I+D+i aconsella asociarlle, e polo tanto eliminalo deste epígrafe, o indicador “Número de postos multimedia en bibliotecas”.
 - O indicador “Número de ordenadores a disposición dos estudantes” podería ser máis significativo que a proposta de “Número de ordenadores en AulasNet”.

- Debería complementarse o indicador anterior con outro que recolla os accesos á rede Wi-fi, que podería medrar tamén a un ritmo dun 12% anual.
- Emendas ao obxectivo “Captación de alumnado e coordinación con outros niveis educativos”:
 - No indicador “Número de profesores en actividades de coordinación con outros niveis educativos” propónse a posibilidade de que o nivel a acadar sexa un profesor por titulación, a lo menos nos casos en que as titulacións impartidas no centro sexan suficientemente heteroxéneas.
- Emendas ao obxectivo “Axilización e simplificación procedementos de xestión”:
 - Dubídase se os niveis a acadar de “Satisfactorio” en 2008 e “Moi satisfactorio” en 2010 no indicador “Enquisas de satisfacción dos usuarios” poden ser demasiado optimistas.
 - En relación ao indicador “Tempo de resposta nos procesos básicos” xorden dúas cuestións:
 - Qué se entende por “definición dos procesos básicos”.
 - O nivel a acadar (“Definición dos procesos básicos en 2007 e redución dos tempos de resposta á metade en 2010”) considérase demasiado ambicioso.
 - Suxírese engadir como indicador a dispoñibilidade dun manual de funcións antes de final de 2007.
- Emendas ao obxectivo “Realizar unha oferta residencial universitaria na Coruña e Ferrol”:
 - O “Número de prazas residenciais universitarias en Ferrol” máis realista é de 150 (non 200).
 - Suxírese localizar este obxectivo na área de Relacións coa Sociedade en lugar da de Docencia.